

TRIBUNAL NÚM.2
ESTABILIZACIÓN EMPREGO
TEMPORAL

CONCELLO
DE VIGO



NÚMERO DE EXPEDIENTE 44804-220

PROCESO SELECTIVO CORRESPONDENTE A OEP-ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO, TRIBUNAL 2 (BOPPO núm. 115 do 13.06.2024)

INFORME PROPOSTA NOMEAMENTO DO PROCESO “20-MESTRA/E OFICIOS EMAO (Laboral fixo-A2, exp. 43773-220, Núm. de prazas 1)

I. Antecedente e feitos

I.I. En datas 25.02.2026 e 14.04.2026 reuniase o Tribunal 2 do procedemento convocado para o proceso selectivo correspondente a OEP- Estabilización polo procedemento de concurso (BOPPO núm. 115 do 13.06.2024).

Das ditas sesións levantouse a cadansúa correspondente acta, e así constan incorporadas ao expediente electrónico de razón.

I.II. Reunidos todos os membros do Tribunal cualificador nas datas indicadas, adoptouse entre outros, e no que aquí nos interesa, respecto ao **PROCESO MESTRE/A DE OFICIOS EMAO** os seguintes **ACORDOS**:

A) Revisión da execución dos acordos adoptados polo órgano de selección na sesión celebrada o día 09.02.2026.

- En data 19.02.2026 a Secretaria e Presidenta do órgano de selección asinan dilixencia de remisión ao departamento de RRHH e Formación, co seguinte teor literal *“Reunido o tribunal cualificador en data 09.02.2026 acordou, entre outros pronunciamentos, consultar ao departamento de RRHH e Formación se procede o nomeamento do proceso **MESTRA/E DE OFICIOS EMAO (Laboral fixo- A2, exp. 43773-220)** toda vez que se comprobou que o aspirante Rivas Dacosta J. co DNI ***0775**, clasificado coa maior puntuación, non aporta o título requirido de acceso a praza segundo as bases da convocatoria”*. Dita dilixencia foi remitida á Área de RRHH e Formación a través da aplicación de xestión de expedientes do Concello de Vigo, mediante o tramite NNT (notificación interna), e así constar incorporado ao expediente electrónico de razón.

Respecto ao consultado, a Presidenta e Secretaria do Tribunal informan aos membros do órgano de selección, da remisión dun informe xeral remitido por parte da Área de RRHH e Formación a través dun correo electrónico a Presidenta e mediante un documento a través da aplicación de xestión de expedientes a Secretaria, no que se conclúe a procedencia do nomeamento do proceso Mestre/a de oficios EMAO, e que trala deliberación dos membros do Tribunal, adóptase acordo unánime, nos termos que se recollen no apartado CUARTO da presente Acta.

B) Resultado da Fase de Concurso, Resultado Final e Proposta de nomeamento do proceso MESTRA/E DE OFICIOS EMAO (Laboral fixo- A2, exp. 43773-220).

De conformidade co informe xeral da técnica de administración xeral da Área de RRHH e Formación remitido, do xeito e co resultado que se indicou no apartado precedente, no que conclúe que,

1.- En canto ao punto primeiro - Indicación de si a documentación presentada polos aspirantes identificados lles permite a concorrencia ao proceso de selección obxecto do expediente núm. 43.733-220 conforme ás bases reitoras do mesmo-. Revisada a documentación, salvo erro ou omisión, conclúese que todas as persoas indicadas presentaron a documentación que se indica na base quinta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 09:27	Páxina 1 de 5
44804-220	CSV: ADBC5-235688-87BH38-L9CF67-E8VWY3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TRIBUNAL NÚM.2
ESTABILIZACIÓN EMPREGO
TEMPORAL

CONCELLO
DE VIGO



2.- En canto ao punto segundo - Comprobación técnica do axuste da tramitación administrativa desenvolta respecto da lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo indicado no documento incorporado como trámite 29 ao expediente 43.733-220.

O acordo de Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria do 7 de xuño de 2024 (trámite 146 do expte 44206-220) - en relación á lista das persoas admitidas e excluídas relativas ao proceso de praza de mestra/e de oficios EMAO - é conforme coas bases da convocatoria (bases xerais reitoras da provisión das prazas ofertadas en estabilización do emprego temporal polo sistema de concurso (BOPPO núm. 249, do venres 30 de decembro do 2022)

Como indican as mesmas:

• O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non presupón que se lles recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas (base xeral sétima).

• Será no momento da proposta de nomeamento cando os/as aspirantes propostos/as para ocupar as prazas convocadas achegarán na Área de Recursos Humanos e Formación, dentro do prazo de 20 días naturais contados dende que se faga pública a relación de aprobados, os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base 4ª.

O órgano de selección acorda por unanimidade dos seus membros, elevar a definitiva a proposta de nomeamento do proceso **20-MESTRA/E OFICIOS EMAO**(Laboral fixo-A2, exp. 43773-220, Núm. de prazas 1):

O resultado final da fase de concurso, por puntuación, é o que segue:

Apelidos	Nome	DNI	CONCELLO DE VIGO	OUTRAS AA.PP.	TOTAL M.P	CURSOS (máx. 40)	TOTAL M.A	TOTAL M.P +M.A
RIVAS COSTA DA	J.C;	***0775**	162,00	0,00	60,00	40,00	40,00	100,00
CELA ROJO	P	***2447**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00
FREIXEIRO CAMESELLE	F.F	***2359**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00
LLANES REBANAL	M.E	***4862**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00
MANDADO ALONSO	M.E	***1290**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00
PORTELA HERNÁNDEZ	D.	***1424**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00

I.III. Resolución dos escritos e/ou recursos de alzada presentados ao proceso de “20-MESTRA/E OFICIOS EMAO(Laboral fixo-A2, exp. 43773-220, Núm. de prazas 1)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 09:27	Páxina 2 de 5
44804-220	CSV: ADBC5-235688-87BH38-L9CF67-E8VWY3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TRIBUNAL NÚM.2
ESTABILIZACIÓN EMPREGO
TEMPORAL

CONCELLO
DE VIGO



Na sesión celebrada o 14.04.2026 o órgano de selección adoptou, no que aquí nos interesa, os seguintes ACORDOS:

A) Cumprimento do trámite de vista de expediente solicitado polos aspirantes.

Proceso Mestre de Oficios EMAO (Laboral)

Escrito de 23.03.2026 co código de solicitude W1451350-9454 presentado por M.E.LL.R

O órgano de selección acorda por unanimidade, que dito acto de trámite ten sido debidamente cumprimentado, e así consta acreditado no expediente electrónico tramitado baixo o núm. 44804/220.

B) Trala revisión do expediente, dáse conta dos seguintes escritos ao Proceso Mestra/e de oficios EMAO,
- Escrito presentado o día 18.12.2024, código de solicitude W1225598-4342, por D.P.H.

Resumo.: Que se proceda a revisión da documentación presentada polos aspirantes, titulación esixida pola Base 4a das bases xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/ a universitario/a, arquitecto/a-técnico/a, F.P. 3 ou titulación equivalente que habiliten para o acceso á praza convocada segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo ou estar en condicións de obtelo á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, así como coñecementos ou formación específica na especialidade da praza.

Proposta.: O reclamado foi notificado por parte deste Tribunal ao departamento de Recursos humanos, tal e como consta acreditado no expediente electrónico de razón.

- Escrito presentado o día 20.01.2025, co código de solicitude W1235674-3098 presentado por P.C.R.

Resumo: Alega que se aprecian cuestións relacionadas co cumprimento dos requisitos académicos esixidos nas bases do proceso por dous aspirantes.

Proposta: O reclamado foi notificado por parte deste Tribunal ao departamento de Recursos humanos, tal e como consta acreditado no expediente electrónico de razón.

- Escritos presentados en data 20.01.2025 cos código de solicitude W1235648-9057 e W1235653-9985 presentado por M.E.LL.R

Resumo: Reitera que se proceda á corrección da valoración dos méritos profesionais.

Proposta: Procede a súa desestimación, o tribunal ratifícase en que o certificado aportado de servizos prestado non especifica grupo, segundo o establecido nas bases do proceso, a maior abastamento o vínculo non é temporal.

I.IV. Por canto antecede, o órgano de selección (Tribunal 2) acorda someter á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, á adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO:Declarar que o aspirante que superou o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza, como persoal laboral fixo A2, no proceso **20-MESTRA/E OFICIOS EMAO**(Laboral fixo-A2, exp. 43773-220, Núm. de prazas 1) o seguinte aspirante:

- RIVAS DA COSTA, J.C, con DNI núm. ***0775**

SEGUNDO: Propoñer á Xunta de Goberno local, unha vez que o aspirante que superou o proceso selectivo achegue a correspondente documentación na forma e prazo sinalados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 09:27	Páxina 3 de 5
44804-220	CSV: ADBC5-235688-87BH38-L9CF67-E8VWY3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TRIBUNAL NÚM.2
ESTABILIZACIÓN EMPREGO
TEMPORAL

CONCELLO
DE VIGO



senalados nas Bases xerais, Base Décimo Cuarta e Base Décimo Quinta- (BOPPO núm.249 do 30.10.2022), a adopción do seguinte ACORDO:

Nomear como persoal laboral fixo, para a provisión en propiedade dunha praza categoría asimilable ao Grupo A, subcategoría A2, no proceso correspondente á oferta de **MESTRA/E OFICIOS EMAO**, correspondente a oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal: sistema selectivo de concurso, ao seguinte aspirante:

- RIVAS DA COSTA, J.C, con DNI núm. ***0775**

Lémbrase ao aspirante que superou o proceso selectivo que, de conformidade coas bases xerais, base Décimo cuarta e Décimo quinta, que rexen o proceso selectivo, deberá presentar na Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base cuarta, no prazo de 20 días naturais, contados a partir da publicación do presente acordo.

Quen tivese a condición de empregado/a público/a está exento/a de presentar a documentación acreditativa de condicións e requisitos xa acreditados no nomeamento da súa toma de posesión, substituíndoa por un certificado ao efecto do organismo no que prestou os seus servizos, salvo que sexa no Concello de Vigo que se fará de oficio.

TERCEIRO.: Propoñer a Xunta de Goberno Local que de conformidade coa Base Xeral Décimo Quinta (BOPPO 30/12/2022), as/os seguintes candidatas/os que non obtiveron a praza convocada no proceso 20-MESTRA/E OFICIOS EMAO(Laboral fixo-A2, exp. 43773-220, Núm. de prazas 1, formarán parte dunha lista de reserva para os efectos de ser nomeados ou contratados /as como persoal laboral temporal e/ou funcionario interino nos termos dos criterios de xestión de listas de reserva do Concello de Vigo, e normativa de concordante aplicación, pola seguinte orde:

Apelidos	Nome	DNI	CONCELLO DE VIGO	OUTRAS AA.PP.	TOTAL M.P	CURSOS (máx. 40)	TOTAL M.A	TOTAL M.P+M.A
CELA ROJO	P	***2447**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00
FREIXEIRO CAMESELLE	F.F	***2359**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00
LLANES REBANAL	M.E	***4862**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00
MANDADO ALONSO	M.E	***1290**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00
PORTELA HERNÁNDEZ	D.	***1424**	0,00	0,00	0,00	40,00	40,00	40,00

Vigo, data da sinatura dixital

Os vogais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 09:27	Páxina 4 de 5
44804-220	CSV: ADBC5-235688-87BH38-L9CF67-E8VWY3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



TRIBUNAL NÚM.2
ESTABILIZACIÓN EMPREGO
TEMPORAL

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria

A Presidenta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/06/2026 09:27	Páxina 5 de 5
44804-220	CSV: ADBC5-235688-87BH38-L9CF67-E8VWY3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		